



CONCELLO DE SADA

Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde

DIA INTERNACIONAL DO LIBRO (23-Abril-2016)

CONCURSO "SADA LEE"

Estimados/as directores/as,

Dende a Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde queremos impulsar unha iniciativa para fomentar a lectura entre a comunidade educativa e a cidadanía co gallo do Día Internacional do Libro o vindeiro 23 de abril.

Para isto pedimos a colaboración dos centros educativos do municipio para que promovan o interés e participación do alumnado na iniciativa "SADA LEE" e no **1º Concurso "SADA LEE"**.

Iniciativa:

Con motivo do Día Internacional do libro, o vindeiro 23 de abril, terá lugar unha semana adicada a lectura.

Nos centros escolares, o alumnado recibirá paulatinamente cartas de diferentes personaxes literarios (nesta ocasión: Carapuchiña Vermella, Pinocho, Dorothy do Mago de Oz e Don Quijote de la Mancha) anunciando a súa visita ao concello o sábado 23 de abril, onde ditos personaxes interactuarán coa cidadanía en xeral e visitarán o noso Concello.

Nesa mesma semana, e con motivo das cartas, os centros escolares traballarán sobre estes catro libros e participarán no primeiro concurso Sada Lee, onde o alumnado trasladará o que significa para eles e elas a lectura.

Deste xeito, adicaremos unha semana á lectura e a súa promoción.

Procedemento:

- Do **18 ao 22 de abril**, nas aulas se traballará sobre os libros dos personaxes arriba citados e paulatinamente se irán recibindo nos centros escolares as cartas dos diferentes personaxes (un por día). As aulas, traballarán sobre esta iniciativa co alumnado e impulsarán a participación tanto no concurso (adxuntamos as bases) como na sesión do sábado pola mañá polas rúas de Sada. Posteriormente a OMIX recollerá os traballos de todas as aulas participantes.
- O **23 de abril**, queremos contribuir organizando unha mañá literaria dende as 11.30 até as 13.30 e que estará ubicada polo centro urbano de Sada. Os catro personaxes literarios recoñecibles mundialmente estarán interactuando cos

veciños e veciñas de Sada falando sobre o que significa a lectura nas nosas vidas. Haberá un mapa orientativo no que se delimitará a zona pola que se moven estas personaxes e que se poderá consultar na web municipal, recoller na Oficina de Información Xuvenil dende o luns 18 de abril e ata o venres 22 ou no Rexistro do Concello o mesmo día 23 de abril.

Se trata dunha iniciativa que sen a vosa colaboración perdería todo o sentido, xa que sodes eixo fundamental da mesma.

Agardando que sexa do voso interese vos animamos a participar nesta nova iniciativa, coa idea que teña continuidade no futuro.

Ante calquera dúbida, podedes contactar no 981.620331 ou omixsada@gmail.com

Recibide un afectuoso saúdo,



Asdo: Raquel Bolaño Fariñas
Concelleira Xuventude, Educación e Saúde
Concello de Sada

